

Axudas individuais de accesibilidade para o emprego 2018. Fund. ONCE

Normativa

Convocatoria para a solicitude de axudas a proxectos dirixidos a persoas con discapacidade promovida pola Fundación ONCE para a Cooperación e Inclusión Social de Persoas con Discapacidade para o exercicio 2018. (BOE nº 18 do 20/1/2018)

Bases das **Axudas individuais de accesibilidade para o emprego**

Obxecto

Dotar á persoa beneficiaria do apoio técnico que, pola súa discapacidade, precise **para a consecución ou o mantemento dun posto de traballo.**

Gastos subvencionables

Gastos relativos á adquisición de **axudas técnicas, audífonos**, así como á **adquisición/adaptación de vehículos**, que se xustifiquen para a consecución dos fins do programa.

Documentación

- **ANEXO 2. Formulario de solicitude xeral personas físicas.**
- **ANEXO 7. Certificado persoas físicas sobre autenticidade documentación presentada e outros.**
- **ANEXO 8. Autorización incorporación datos persoais LOPD.**
- Fotocopia do D. N.I. do solicitante.
- Fotocopia do documento acreditativo no que se recoñeza oficialmente a condición de discapacidade do/a solicitante, é dicir, onde se reflicta o ditame técnico de discapacidade.

Unidade familiar: no caso en que na unidade familiar figure outro membro con discapacidade, acreditar a correspondente copia de cada un deles.

- Fotocopia completa da Declaración da Renda das Persoas Físicas (IRPF) da unidade familiar do último exercicio. Se se presenta declaración individual, presentarase a declaración de ambos os cónxuxes, se procede. En caso de non vir obrigados a efectuar declaración da renda, deberá achegar o Certificado Negativo que expide a correspondente Delegación de Facenda neste sentido. No seu caso copia do xustificante de haberes pasivos exentos de tributación.
- Fotocopia das dúas últimas nóminas.
- Orzamento ou factura do obxecto de solicitude; as facturas que se presenten na xustificación non poderán ter data anterior a 01/07/2017.

No caso de axudas técnicas e vehículos adaptados poden poñerse en contacto, pola experiencia e coñecemento do sector, con ILUNION Saúde (teléfono de contacto 91 121 30 00 e dirección: C/ Don Ramón de la Cruz, 38, 28001 Madrid).

No caso de solicitudes para adquisición de vehículos adaptados, fotocopia do carné de conducir.

- Formulario de autorización de cesión de datos persoais, debidamente asinado (se adxunto persoal a cumprimentar en Anexo nº 8).
- Formulario de solicitude xeral para persoas físicas debidamente cumprimentado. (Se adxunta en anexo nº 2).
- Modelo de declaración xurada no que se manifieste a autenticidade da documentación presentada, debidamente asinada (se adxunto persoal a cumprimentar e asinar en anexo 7)
- No seu caso, copia da solicitude presentada para cubrir o mesmo obxectivo e, no seu caso, a correspondente contestación, ante a Administración Central, Autonómica, Deputacións, Municipios, etc.

En virtude do acordo subscrito entre GAES e Fundación ONCE, aquelas solicitudes con orzamento ou factura procedentes do Centro Auditivo GAES estudaranse no marco do mesmo e, no seu caso, poderían ser atendidas

logo da oportuna avaliación con axudas económicas de ata un máximo do 60% do seu custo.

Lugar de presentación

As solicitudes deberán remitirse a través do correo electrónico **convocatoriaproyectos2018@fundaciononce.es** ou ben na sede de Fundación ONCE, rúa Sebastián Herrera, 15, 28012 Madrid.

Prazo de presentación de solicitudes

Ata o 29 de xuño de 2018.

[Imprimir](#)
